

EXPRESIÓN ESCRITA.

O poema

Os poemas están formados por **versos**. Agrupados en **estrofas**. As últimas palabras dos versos, as veces, **riman**.

Que é un verso?

Cada unha das liñas dunha poesía chámase **verso**.

Que é unha estrofa?

Unha **estrofa** é un grupo de versos.

Cando dicimos que dous versos riman?

Dous versos **riman** cando as súas últimas palabras acaban con sons iguais ou semellantes.

Rima consoante coincide todo (vogais e consoantes), a partir da vogal tónica.

Ex: **pilla- filla**.

Rima asonante coinciden só as vogais. Ex: **lapis – cáliz**.

O ARCO DA VELLA

O arco da vella ← **verso**
no ceo **subido**
co seu **colorín**,
co seu **colorido**.

O arco a vella
con sete **cores**
que **teñen**, no ceo,
beleza de **flores**. } **estrofa**

O arco da vella
no ceo **chantado**
co seu **colorín**,
co seu **colorado**. →



Rima consoante (coinciden todo: vogais e consoantes)

O arco da vella
é un arco **triumfal**
con sete **guerreiros**
que a ninguén fan **mal**.

O arco da vella
de luz feito **é**.
¡Resulta un **milagre**
que siga de **pé!**

MANUEL DE MARÍA- "Os soños na gaiola"

Como escribir unha poesía?

Cando queiras facer un poema, primeiro tes que **pensar en varias palabras que rimen** e que estean **relacionadas co tema** do que vai a tratar o poema. Logo **pensamos o verso** completo, colocando **a palabra que rima ao final do verso**.

O poema **debe explicar algo**, contar algo, etc. Non consiste en poñer palabras que rimen sen que exista unha boa relación temática entre elas.

Le a seguinte poesía e fíxate en como rematan as palabras destacadas.

Espreguiza o galo
ao sentir o **día**,
a capa de plumas
e logo esguta**ía**.

estrofa

Espertan os nenos
ledos por xogar
coa tona da luz
que bole no **mar**.

Logo son as flores
que xorden, **caladas**
peneirando a brisa
coas caras **lavadas**.

Ledas son as horas
que terman dos **días**;
a cambio de sombras
damos **alegrías**.

ANA M.^a FERNÁNDEZ
Pola rúa dos versos.
Editorial Luis Vives

